

# Aviso legal

## 1 LEI DE SERVIZOS DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E COMERCIO ELECTRÓNICO

En cumprimento do disposto no art. 10 da Lei 34/2002 de 11 de xuño de Servizos da Sociedade da Información (L.S.S.I.), dáse a coñecer a seguinte Información Xeral:

Que o dominio [www.xornalistas.gal](http://www.xornalistas.gal), a partir de agora sitio web, está rexistrado a nome do COLEXIO PROFESIONAL DE XORNALISTAS DE GALICIA con domicilio social na Rúa Ponferrada, 9, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela (A Coruña); inscrito no Rexistro de Colexios Profesionais e Consellos Galegos de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia na Sección 2 co nº 11; provisto de CIF Q1500262I.

## 2 CONDICIÓN S DE USO

### I.- USUARIOS/AS

O acceso a e/ou uso do sitio web [www.xornalistas.gal](http://www.xornalistas.gal), atribúe a quen o realiza a condición de usuario/a, aceptando, dende ese mesmo momento, plenamente e sen reserva algunha, as presentes condicións xerais, así como as condicións particulares que, no seu caso, complementen, modifiquen ou substitúan as condicións xerais en relación con determinados servizos e contidos do sitio web.

### II.- USO DO SITIO WEB, OS SEUS SERVIZOS E CONTIDOS

O/a usuario/a comprométese a utilizar o sitio web e os seus servizos e contidos sen contravir a lexislación vixente, a boa fe, os usos xeralmente aceptados e a orde pública.

Así mesmo, queda prohibido o uso da Web con fins ilícitos ou lesivos contra O/A TITULAR ou calquera/a terceiro/a, ou que, de calquera forma, poidan causar prexuízo ou impedir o normal funcionamento do sitio web.

Respecto dos contidos (informacións, textos, gráficos, arquivos de son e/ou imaxe, fotografías, deseños, etc.), prohibese:

- A súa reprodución, distribución ou modificación, a menos que se conte coa autorización dos/as seus/súas lexítimos/as titulares ou resulte legalmente permitido.
- Calquera vulneración dos dereitos de O/A TITULAR ou dos/as seus/súas lexítimos/as titulares sobre os mesmos.
- A súa utilización para todo tipo de fins comerciais ou publicitarios, distintos dos estritamente permitidos.
- Calquera intento de obter os contidos do sitio web por calquera medio distinto dos que se poñan a disposición dos/as usuarios/as así como dos que habitualmente se empreguen na rede, sempre que non causen prexuízo algún ao sitio web.

### III.- MODIFICACIÓN UNILATERAL

O/a TITULAR poderá modificar unilateralmente e sen previo aviso, sempre que o considere oportuno, a estrutura e deseño do sitio web, así como modificar ou eliminar, os servizos, os contidos e as condicións de acceso e/ou uso do sitio web.

### IV.- HIPERENLACES

O establecemento de "calquera hiperenlace" entre unha páxina web e o sitio web de estará sometido ás seguintes condicións:

- Non se permite a reprodución nin total nin parcial de ningún dos servizos nin contidos do sitio web.
- Salvo consentimento previo e expreso, a páxina web na que se estableza o hiperenlace non conterá ningunha marca, nome comercial, rótulo de establecemento, denominación, logotipo, slogan ou outros signos distintivos pertencentes ao/á TITULAR
- Baixo ningunha circunstancia, O/A TITULAR será responsable dos contidos ou servizos postos a disposición do público na páxina web desde a que se realice o "hiperenlace" nin das informacións e manifestacións incluídas nas mesmas.

### V. EXCLUSIÓN DE GARANTÍAS E RESPONSABILIDADE

O/a TITULAR non outorga ningunha garantía nin se fai responsable, en ningún caso, dos danos e prexuízos de calquera natureza que puidesen traer causa de:

- A falta de dispoñibilidade, mantemento e efectivo funcionamento da Web e/ou dos seus servizos ou contidos.
- A falta de utilidade, adecuación ou validez da Web e/ou dos seus servizos ou contidos para satisfacer necesidades, actividades ou resultados concretos ou expectativas dos/as usuarios/as.
- A existencia de virus, programas maliciosos ou lesivos nos contidos.
- A recepción, obtención, almacenamento, difusión ou transmisión, por parte dos/as usuarios/as, dos contidos.
- O uso ilícito, negligente, fraudulento, contrario ás presentes Condicións Xerais, á boa fe, aos usos xeralmente aceptados ou á orde pública, do sitio web, os seus servizos ou contidos, por parte dos/as usuarios/as.

- A falta de licitude, calidade, fiabilidade, utilidade e dispoñibilidade dos servizos prestados por terceiros/as e postos a disposición dos/as usuarios/as no sitio web.
- O incumprimento por parte de terceiros/as das súas obrigas ou compromisos en relación cos servizos prestados aos/ás usuarios/as a través do sitio web.

## VI. DURACIÓN

A duración da prestación do servizo do sitio web e dos servizos é de carácter indefinido. Sen prexuízo do anterior, O/A TITULAR resérvase o dereito para, interromper, suspender ou terminar a prestación do servizo da Web ou de calquera dos servizos que o integran, nos mesmos termos que se recollen na condición terceira.

## VII. LEXISLACIÓN APLICABLE E XURISDICIÓN

As presentes Condicións Xerais rexeranse pola lexislación española. O COLEXIO PROFESIONAL DE XORNALISTAS DE GALICIA e o/a usuario/a, con renuncia expresa a calquera outro foro que puidese corresponderlles, sométense á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais do domicilio do/a usuario/a para cantas cuestións puidesen suscitarse ou accións exercitarse derivadas da prestación do servizo da Web e dos seus servizos e contidos e sobre a interpretación, aplicación, cumprimento ou incumprimento do aquí establecido.

No caso de que o Usuario/a teña o seu domicilio fóra de España, o COLEXIO PROFESIONAL DE XORNALISTAS DE GALICIA e o Usuario/a, con renuncia expresa a calquera outro foro que puidese corresponderlles, sométense á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais de Santiago de Compostela.

## 3 USO DE COOKIES

O sitio web [www.xornalistas.gal](http://www.xornalistas.gal) pode utilizar cookies cando un USUARIO/A navega polos sitios e páxinas web do SITIO WEB. As cookies utilizadas polo sitio web asócianse unicamente cun/ha USUARIO/A anónimo/a e o seu computador e non proporcionan en por si o nome e apelidos do/a USUARIO/A. Grazas ás cookies, resulta posible recoñecer aos/ás USUARIOS/AS rexistrados despois de que estes/as se rexistren por primeira vez, sen que teñan que rexistrarse en cada visita para acceder ás áreas e servizos reservados exclusivamente a eles/as. As cookies utilizadas non poden ler datos do seu disco duro nin ler os arquivos cookie creados por outros/as provedores/as. Os datos identificativos de cada USUARIO/A son cifrados para maior seguridade.

O/a USUARIO/A ten a posibilidade de configurar o seu navegador para ser avisado/a en pantalla da recepción de cookies e para impedir a súa instalación no seu disco duro. Por favor, consulte as instrucións e manuais do seu navegador para ampliar esta información. Para utilizar o SITIO WEB, non resulta necesario que o/a USUARIO/A permita a instalación das cookies enviadas polo sitio web, sen prexuízo de que en tal caso será necesario que o Usuario/a se registre como usuario/a de cada un dos servizos cuxa prestación requira o previo rexistro. De igual maneira, os nosos servidores web detectan de maneira automática a dirección IP e o nome de dominio utilizados polo/a usuario/a. Toda esta información é rexistrada nun ficheiro de actividade do servidor que permite o posterior procesamento dos datos co fin de obter medicións estatísticas que nos permitan coñecer o número de impresións de páxinas, o número de visitas realizadas aos nosos servizos web, etc.

## 4 BAIXA DE COMUNICACIÓNS COMERCIAIS

De conformidade coa lei de servizos da sociedade da información 34/2002 garántese ao/á usuario/a a posibilidade de deixar de recibir información comercial nun prazo máximo de 10 días desde que comunique a súa vontade mediante correo electrónico dirixido a [xornalistas.dpo@convenceabogados.es](mailto:xornalistas.dpo@convenceabogados.es).